

LICENZAS E COTAS

Tempada 2007 - 2008 - Circular 07-08

A seguir indícanse os importes das cotas para clubs e licenzas federativas para a presente tempada:

Cotas club:

Primeira actividade

170 euros

Seguintes actividades (por cada unha delas)

65 euros

Para os clubs de nova creación na súa primeira actividade aplicaráselle unha bonificación do 50% sobre a cota correspondente.

O pagamento da cota será imprescindible para a participación en calquera competición organizada pola FEGAN

Licenzas (Incluído SEGURO DE ACCIDENTES DEPORTIVO):

Tipo de Licenza	Euros
Licenza de Deportista	33
Licenza de Deportista Promoción	17
Ampliación de licenza deportista de promoción para unha segunda modalidade deportiva (nacidos/as no ano 92 e posteriores)	10
Licenza de Deportista Máster	33
Licenza Máster por un día para unha única competición	3
Licenza de Árbitro	10
Licenza de Técnico	33
Licenza de Directivo	17
Licenza de Escola	17
Ampliación licenza de Escola a Deportista	20

O pagamento tanto das licenzas así como das cotas de club deberá realizarse no momento da súa presentación á Federación, xa sexa mediante talón nominativo a nome da Federación Galega de Natación ou a través transferencia bancaria á conta de Caixa Galicia código: 2091-0000-34-3040146767 especificando claramente o concepto da transferencia.

Licenzas de deportista, técnicos e directivos

As licenzas de deportista en calquera das súas modalidades permiten a participación en todas as competicións organizadas pola FEGAN e serán as consideradas para os efectos de baremo de clubs. Estas licenzas, así como as de Técnicos e Directivos unicamente poderán ser tramitadas polos clubs afiliados á FEGAN.

Poderase tramitar a licenza de Deportista Promoción nos seguintes casos:

En Natación para os nados no ano 2000 e posteriores

En Wáter-polo para os xogadores nados no ano 1994 e posteriores

En Natación Sincronizada para as nadas no ano 1997 e posteriores

Por cada licenza de Deportista tramitada o club recibirá da FEGAN a cantidade de 2 euros. Se o número total de licenzas supera as tramitadas na tempada anterior recibirá unha cantidade adicional de 0.5 euros por licenza ou de 1 euro se o incremento supera o 25%. Estes incrementos enténdense por especialidade.

Por cada licenza de Deportista Promoción tramitada o club recibirá a cantidade de 4 euros.

Todas as licenzas de deportistas (incluídas as de promoción), técnicos e directivos deberán ser tramitadas a través do programa de licenzas e confirmadas pola Federación. A remisión das licenzas deberá realizarse o antes posible (preferentemente durante o mes de setembro), e ao menos 8 días antes da participación en calquera competición. Os resultados que cheguen á Federación con licenzas que non sexan reais non serán admitidos.

Para participar nas competicións organizadas pola FEGAN requirirase que todos os deportistas e técnicos estean en posesión de licenza. Ademais durante a competición, os deportistas deberán estar acompañados por unha persoa do club responsable do equipo e que posúa a correspondente licenza federativa, xa sexa de técnico ou de directivo. A devandita persoa será a única representante do club durante a competición para todos os efectos.

Licenzas de escola

As licenzas de escola non serán válidas para participar nas competicións oficiais da FEGAN a excepción do campionato escolar e aquelas nas que se especifique explicitamente.

Estas licenzas non teñen que ser tramitadas necesariamente por clubs afiliados á FEGAN.

O trámite realizarase a través do modelo en Excel editado para os efectos. Dito modelo localizarase na alínea de impresos da web da FEGAN co nome de "Inscripción Licenzas Escolas 2007-2008"

Por cada licenza de escola tramitada o club recibirá da FEGAN a cantidade de 4 euros.

A Coruña, 20 de xullo de 2007

Secretaría Xeral da FEGAN